



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE CASINOS DE XOGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co “Proxecto de Decreto polo que se aproba o regulamento de casinos de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia”, emite o seguinte:

INFORME

1.Marco normativo e competencial

O artigo 27.27º do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de casinos, xogos e apostas . En virtude desta atribución aprobouse a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, que é a norma legal autonómica reguladora da materia.

En concreto, o réxime normativo dos casinos ven constituído pola dita lei e polo Catálogo de Xogos da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado mediante o Decreto 166/1986, do 4 de xuño. Non obstante, a nosa Comunidade Autónoma carecía dunha norma que de forma específica e pormenorizada contemplase o réxime xurídico dos casinos de xogos polo que se viña aplicando a Orde do Ministerio do Interior do 9 de xaneiro de 1979 pola que se aproba o Regulamento de Casinos de Xogo e a súa normativa de desenvolvemento.

2. Acerto e oportunidade

Afróntase a creación dunha norma autonómica propia por varios motivos que conflúen na necesidade de aprobar un regulamento de casinos autonómico que alcance unha ordenación integral dos casinos de xogos, plenamente adecuada ás regras, principios e criterios da lei reguladora dos xogos e apostas en Galicia.



A intervención da Administración neste eido ven motivada pola protección de intereses de carácter público, nomeadamente a saúde pública así como a protección de menores e outros grupos de poboación vulnerables, prevención da adición ao xogo e a protección de persoas consumidoras e usuarias.

A intervención administrativa para a salvagarda de tales intereses non se considera incompatible coa necesaria simplificación procedimental e de redución de trabas e nesta liña cómpre destacar a elección neste regulamento da figura da comunicación previa á apertura como un título habilitante que ven a substituír ao tradicional permiso de apertura.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico o borrador da disposición acompañado dos documentos que de seguido se relacionan, (artigo 41.2. apartados a), b), d), da Lei 16/2010, do 17 de decembro):

- Unha memoria explicativa e económica
- Unha táboa de vixencias.

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do decreto asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia



e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 4/2006, do 30 de xullo, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Así mesmo e conforme co artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, dado que o proxecto afecta aos dereitos ou intereses lexítimos de determinados grupos, neste caso as unións de consumidores e usuarios, asociacións de amas de casa, sindicatos máis representativos do sector, asociacións de xogadores de xogos de azar, asociación de ludópatas rehabilitados, principais asociacións e empresas do sector do xogo, o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia destas.

Formularon alegacións as seguintes entidades:

- UGT Galicia
- Casino de la Toja
- Casino del Atlántico
- Federación Gallega de Asociaciones de amas de casa, consumidores y usuarios "Brétema"
- Asociación de Bingos de Galicia (ABIGA)
- Asociación Galega de Empresas Operadoras (AGEO)
- Comité de empresa Casino de la Toja



Consta no expediente o informe do director xeral de Emerxencias e Interior de 2 de decembro de 2015 sobre as alegacións formuladas durante os trámites de audiencia e exposición pública así como un certificado complementario do anterior de data 18 de febreiro de 2016.

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Dado que o dito proxecto de decreto regula unha materia que é competencia do Consello da Xunta de Galicia e que está relacionada coas actividades reguladas na Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia (artigo 25 da Lei 14/1985, do 23 de outubro) foi necesario presentar o proxecto de decreto á Comisión de Xogo de Galicia que emitiu o preceptivo informe o 11 de decembro de 2015.

Resultou preciso solicitar un informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e un informe sobre as cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica Xeral.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do artigo 8 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso solicitar un informe sobre o seu impacto de xénero.

Dado que o proxecto afecta a procedementos administrativos, foi necesario solicitar informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e á Dirección Xeral da Función Pública (artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

O 6 de novembro de 2015 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe, sobre o proxecto de decreto no cal formulou suxestións respecto da utilización dunha linguaxe normativa non sexista que foron incorporadas ao texto do proxecto.



O 30 de decembro de 2015 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos formulou un requirimento de modificación da memoria económico-administrativa.

O 22 de xaneiro de 2016 a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior emitiu unha segunda memoria na que contesta ao requirimento formulado pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

O 26 de xaneiro de 2016 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable de sostibilidade financeira do dito proxecto.

O 3 de febreiro de 2016 a Dirección xeral de Avaliación e Reforma Administrativa emitiu informe favorable sobre o proxecto de decreto.

Finalmente, o 16 de febreiro de 2016 a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe no que realiza varias observacións.

Posteriormente, desde a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica remítese a seguinte documentación:

- Un informe sobre as observacións realizadas no informe da Asesoría Xurídica .
- Borrador do proxecto de Decreto adaptado ao informe da Asesoría Xurídica do 16 de febreiro de 2016.

4. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a informe do Consello Consultivo de Galicia previa a súa aprobación definitiva pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Seguidamente, o proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica



Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este anteproxecto de lei reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2016

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza